




# LAGOAS E HUMIDAIS DA TERRA CHA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: variable  
Dificultade: baixa  
Duración: variable



O comezo de primavera, cando empezan a verdear as árbores, e antes de que as follas dificulten as vistas, é a época axeitada para visitar os humidais, pois están repletos de auga e neles agroma a vida por todas partes. O lugar de Galiza onde podemos atopar a maior concentración é na Terra Chá, a depresión central de Lugo, percorrida polos ríos que nacen nas Serras do Xistral, Carba e Meira e forman parte da rede fluvial do Miño, en especial o Támoga, o Trimaz o Parga e o Ladra que constituen o eixo do Complexo Húmido da Terra Chá, localizado dentro da **Reserva da Biosfera “Terras do Miño”** e, na súa maior parte tamén no LIC Parga-Ladra-Támoga.



Cospeito

- 1-Lagoa de Cospeito (Cospeito)
- 2-Lagoa de Abelleiras Cospeito (Cospeito)
- 3-Lagoa de Seixas Cospeito (Cospeito)
- 4-Lagoa da Carballosa Cospeito (Cospeito)
- 5-Lagoas de Ramiro Cospeito (Cospeito)
- 6-As Lamas (Cospeito)
- 7- Veiga de Pumar (Castro de Rei)
- 8-Lagoa Caque ou Bardancos (Castro de Rei)
- 9-Lagoas de Castro (Castro de Rei)
- 10-Lagoas de Riocaldo e Pedroso (Begonte)
- 11-Lagoa do Olló (Begonte)
- 12-Lagoa de Denune (Begonte)
- 13-Lagoa de Fontefría (Begonte)
- 14-Lagoas e humidais de Codesido (Vilalba)
- 15-Lagoa de Fabás (Vilalba)
- 16-Lagoas de Reboredo (Vilalba)
- 17-Lagoa de Brañas do Barreiro (Guitiriz)
- 18-Poza Grande (Guitiriz)
- 19-Lagoa do Rei (Rábade)

A Terra Cha é un terreo de zonas arxilosas con mala drenaxe, o que, xunto coa morfoloxía achairada, crea numerosas áreas de acumulación de auga ao que contribúen tamén os ríos de curso divagante con numerosos brazos e illas, e veigas de inundación. Ás lagoas de orixe natural hai que engadir as que se formaron a partir de actividades de extracción de arxilas e áridos que co tempo se foron naturalizando. Estes ambientes acollen unha importante biodiversidade con ecosistemas asociados ás ribeiras, lagoas, augas de corrente lenta e brañas. Destaca a presenza de algunhas especies vexetais únicas ou raras e unha gran cantidade de aves que teñen aquí a súa residencia habitual ou que pasan tempadas nas épocas migratorias.

Podemos atopar humidais en **Cospeito** (lagoa de Cospeito, Abelleiras, Seixas, Carballosa, Ramiro e As Lamas), **Castro de Rei** (Veiga de Pumar, Caque ou Bardancos e Castro), **Begonte** (Riocaldo e Pedroso, O Ollo, Denune e Fontefría), **Vilalba** (Codesido, Fabás e Reboredo), **Guitiriz** (Brañas do Barreiro e Poza Grande) e **Rábade** (O Rei). Visitalas todas precisaría de varias xornadas. Poderíamos comezar por coñecer as lagoas que manteñen a auga permanentemente como a de Cospeito, o grupo de Begonte, a de Caque ou a do Rei.

#### VEIGA DE PUMAR

É unha zona húmida situada na marxe dereita do río Miño, entre Oroxe e Pumar. (Bazar, Castro de Rei). Ocupa unhas 30 ha, alimentada polo Rego de Pumar e polas chuvias invernais. No verán desécase case totalmente.

Alternan os espazos abertos e as áreas arboradas con bidueiros, salgueiros, ameneiros... e unha gran variedade de plantas das zonas húmidas xunto con pasteiros. Acolle numerosas aves invernantes.



#### LAGOA DE CAQUE OU BARDANCOS

Nas proximidades de O Castro (Castro de Rei). É a máis grande da Terra Chá, con 19 ha. Non está alimentada por ningún río. Foi parcialmente recuperada en 1988. É un importante refuxio para as aves, sobre todo no inverno.



#### LAGOAS DE CASTRO

Situada nas proximidades da vila de Castro de Ribeiras do Lea (Castro de Rei). Son de orixe antrópica.





### **LAGOA DE COSPEITO**

Situada ao pé de Feira do Monte, capital do concello de Cospeito. Está alimentada polo río Guisande, afluente do Támoga. Ten unhas cinco hectáreas, aínda que no inverno aumenta moito a superficie. Era a lagoa máis grande da Terra Cha (57,5 ha) pero foi desecada arredor de 1960 polo IRYDA e parcialmente recuperada en 1981.



### **AS LAMAS**

Unha ampla área de asolagamento na parroquia de Lamas (Cospeito). Están situadas na contorna do rego da Veiga, afluente do Miño.



### **LAGOA DE SEIXAS**

Situada na parroquia de Santa Cristina (Cospeito), nunha ampla zona de brañas que drenan cara ao río Anllo.



### **LAGOA DAS ABELLEIRAS**

Situada na parroquia de Santa Cristina (Cospeito), entre as Abelleiras e a estrada que vai da Feira do Mnte a Roás. Ten pouca profundidade e case seca



### **LAGOAS DE RAMIRO**

Un grupo de pequenas lagoas entre Xustás e Bexán ou Rubiños (Cospeito). Fórmanse nos terreos de anegamento do rego de cadaval (afluente do Miño) nunha ampla braña, asolagada en tempos de chuvias e con pouca auga no verán.



### **LAGOA DA CARBALLOSA**

Situada na parroquia de Xermar (Cospeito). Ocupa unha ampla braña, asolagada en tempos de chuvias e con pouca auga no verán.



### **LAGOAS DE RIOCALDO E PEDROSO**

Son un conxunto de lagoas situadas xunto ao río Ladra no concello de Begonte, entre as parroquias de Begonte e Pacios.

A maioría orixináronse polas explotacións mineiras para a extracción de area, arxila e seixo a partir da década de 1940, aínda que na zona xa existían varias, do que deixa constancia o clérigo e botánico Baltasar Merino na súa obra "Viajes de herborización por Galicia" na que cita unha pequena lagoa próxima aos Pozos do Olló que acolle algunhas especies de plantas que hoxe están protexidas.



### **LAGOA DE DENUNE**

Situada na parroquia de Felmil (Begonte). No verán está case seca.

### **LAGOAS DO OLLÓ**

Coñecidas tamén como Pozos do Olló. Está situadas preto do río Ladra, en Begonte. Son dúas pequenas lagoas rodeadas de vexetación natural entre as que hai algunhas especies invasoras. A máis grande mide 45 m de diámetro e ten unha profundidade máxima de 38 m. Orixináronse por un afundimento do terreo.



### **LAGOA DA FONTEFRÍA**

Situada na parroquia de Gaibor (Begonte).



### **LAGOA DO REI ou DO ANXO**

Unha pequena lagoa situada moi preto do casco urbán de Rábade, detrás do Polígono industrial.



### CODESIDO

Unha extensa área que se inunda temporalmente coas augas do río Trimaz, con pequenas lagoas, ocupada por prados húmidos e bosques de amieiras, bidueiros salgueiros e carballos.



### LAGOA DE FABÁS

Situada entre Fabás e Gomariz, na parroquia de Goiriz (Vilalba)



### LAGOAS DE REBOREDO

Un conxunto de varias pequenas lagoas, algunhas naturais e outras de orixe antrópica por extracción de arxilas. Situadas na parroquia de Nete (Vilalba), drenan cara ao rego da Veigas, un afluente do Ladra.



### LAGOA DO BARREIRO

Na parroquia de San Xoán de Lagostelle (Guitiriz). Nas Brañas de Barreiro.



### A POZA GRANDE

Na parroquia de San Xoán de Lagostelle (Guitiriz). Orixinada por unha extracción de áridos.



*Utricularia (Utricularia australis)* vive aboiando na auga das lagoas. Aliméntase de pequenos animais que captura cos sacos dixestivos



A cigoiña (*Ciconia ciconia*) aniña nalgúns lugares desta área.

Os humedais da Terra Cha acollen un gran número de aves acuáticas: alavancos, avefrías, cigoiñas, garzas, galiñas de auga, e miñatos, fulepas, picaxuncos... cantidade que se ve incrementada no inverno coa chegada de especies procedentes do norte de Europa.